



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2014.

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D^a María José Quindimil Suárez.

Non asisten e se excusan:

PSdeG-PSOE:

D. Iván Méndez García.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 28 de novembro de 2014, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. POS 2015. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA Ó PLENO

POS 2015. ACORDOS QUE PROCEDAN.

1.- Aprobado o *Plan de provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015*, cuxas bases se coñecen a aceptan na súa totalidade, no que se recollen os obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2015, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
ACOMETIDAS REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA NO CONCELLO DE MESÍA. FASE IV. PARROQUIA DE CABRUI E OUTRAS.	105.710,96 €	0 €	105.710,96 €



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

COLOCACIÓN DE SINAIS DE STOP EN ESTRADA XERAL (PARROQUIA DE VISANTOÑA) E OUTRAS	44.501,56 €	0 €	44.501,56 €
SUBTOTAL OBRAS	150.212,52 €	0 €	150.212,52 €

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2015 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	72.900,39 €
SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA	72.900,39 €

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	150.212,52 €	0 €	150.212,52 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	72.900,39 €	0 €	72.900,39 €
TOTAL	223.112,91 €	0 €	223.112,91 €

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2015 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Presuposto
SISTEMAS SOLARES TÉRMICOS EN VARIOS PUNTOS DO CONCELLO: POLIDEPORTIVO MUNICIPAL E OUTROS	68.807,26 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2015 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2015 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

7.- *Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

8.- *Facultar expresamente ó alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."*

Manifesta o Sr. Alcalde que ambas as dúas obras estímense necesarias. O ano pasado xa non se fixo inversión en abastecemento de auga, polo que agora incluimos varios ramais para continuar dando o servizo paulatinamente a máis veciños, e, por outra banda, tamén se estima moi necesaria a colocación de sinais de STOP en cruces de todas as parroquias para mellorar a seguridade viaria.

Manifesta o Sr. Álvarez que o seu grupo non ten nada que obxectar.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as oito horas e cincuenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,